

## ANUNCIO

O tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo de 1 praza de responsable de museo incluída na OEP do 2021 do Concello de Fene, praza incluída no proceso extraordinario de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, nomeado por Resolución da alcaldía 1349/2023 do 19 de decembro, adoptou os seguintes acordos en sesión do 23.09.2024:

- Desestimar a solicitude de revisión da puntuación achegada o 23.07.2024 por Alia Vázquez Martínez e acordar manter a súa puntuación definitiva no concurso a 40,00 puntos, motivado no seguinte:

- En relación coa experiencia profesional alegada na Universidade de Santiago, non se valora porque non teñen a consideración de Administracións Públicas (cláusula 11.1, Anexo II.1 das bases xerais e o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

- En relación coa experiencia profesional alegada no Concello de Paderne, non se valora porque, de acordo co disposto no anexo II.8 das bases xerais, non se achega dentro do prazo establecido resolución e/ou toma de posesión dos servizos prestados como funcionario ou o contrato de traballo no caso do réxime laboral.

Co escrito de alegacións presenta un contrato do Concello de Paderne pero nin na documentación achegada coa súa solicitude de participación no proceso, do 08.01.2023, nin na súa achega de documentación para emendar, do 11.03.2024, consta a presentación desta documentación polo que de acordo co establecido na cláusula 11.1 das bases xerais, non serán obxecto de valoración aqueles méritos que non teñan sido achegados na forma e prazo.

Logo da realización do sorteo previsto na cláusula 11.2 das bases xerais:

- Aprobar a seguinte relación definitiva ordenada de persoas que superaron o proceso selectivo para o seu nomeamento pola Alcaldía como persoal laboral fixo:

Nº orde	Apelidos e nome	Puntuación
1	Marcos Maroño, Almudena	100

No prazo de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación deste acordo a persoa aspirante que teña superado o proceso selectivo e sido proposta para a súa selección e nomeamento/contratación, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello (presencialmente ou a través da Sede e Rexistro Electrónicos), ou mediante calquera das restantes formas establecidas no art. 16.4 LPACAP a documentación prevista na cláusula 12.1.4 das bases xerais reguladoras do proceso.

- Aprobar a seguinte lista definitiva para conformar a lista complementaria e a bolsa de emprego previstas na cláusula 12.1.3 das bases xerais e no apartado 3 da cláusula segunda das bases específicas do proceso:

Nº orde	Apelidos e nome	Puntuación
1	Carballo Castro, Sergio	64,15
2	Lago Somoza, Vanesa	42,70
3	Cornado Rodríguez, Lucía	41,05
4	Viñas Mayo, Ruben	40,75
5	Calvo Torquemada, Eva María	40,00
6	García Torres, María Elisa	40,00
7	Vázquez Martínez, Alia	40,00
8	Rosas Alonso, María Reyes	40,00
9	Pernas Pérez, Juan	15,00
10	Montero Gómez, Ana María	0,00



Expte.: 2022/E001/000026

11	Fernández Feliz, Elisa	0,00
----	------------------------	------

Fronte a estes acordos poderá presentarse recurso de alzada no prazo dun mes dende a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello ou na páxina web do Concello ante o tribunal de selección ou ante o alcalde do Concello de Fene -órgano competente para a súa resolución.

Asinado dixitalmente polo secretario do tribunal José Manuel Aneiros Landrove

C.T.  
E:  
P:  
150  
360  
0-G